CONCELLO DE PONTEVEDRA

JCCP

Número de expediente:2018/AUTDEM/000002

RESOLUCIÓN DA CONCELLEIRA DE URBANISMO, PROTECCIÓN CIDADÁ, SERVIZOS E FESTAS

Iniciouse o expediente para o outorgamento de autorizacións en réxime de concorrencia ou licitación pública e forma de poxa pública á alza para a ocupación do dominio público municipal mediante postos nas festas da Virxe Peregrina durante os anos 2018-2021.

Formulouse o prego de condicións das autorizacións en réxime de concorrencia ou licitación pública e forma de poxa pública á alza para a ocupación do dominio público municipal mediante postos nas festas da Virxe Peregrina durante os anos 2018-2021.

Emitiuse informe para aprobar o prego e o expediente e aprobáronse estes. Publicouse anuncio de convocatoria de dito procedemento, detectándose un erro nun posto que é o número 21, posto que a dimensión do mesmo produce que se dificulte a entrada ao parking existente. En consecuencia, formulouse un novo informe técnico no que se propón modificar o posto, procedendo a configurar de novo este e a fixar as taxas mínimas a pagar, dado que é máis reducido que o que inicialmente se fixaba.

A competencia para outorgar as autorizacións e para aprobar os expedientes de autorizacións que non teñan asinada unha competencia específica, como é o caso, é da Xunta de Goberno Local de conformidade co artigo 127.1.e) da Lei 7/1985, reguladora de bases de réxime local, se ben dita competencia para a ocupación de dominio público, como é o caso, delegouse mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de abril de 2017, na concelleira de urbanismo, protección cidadá, servizos e festas.

A vista do exposto, por delegación da Xunta de Goberno Local, **RESOLVO**:

PRIMEIRO.- Modificar o prego de condicións das autorizacións en réxime de concorrencia ou licitación pública e forma de poxa pública á alza para a ocupación do dominio público municipal mediante postos nas nas festas da Virxe Peregrina durante os anos 2018-2021, de tal forma que se modifique a configuración do posto número 21, que terá a que sinala no informe técnico emitido polo arquitecto municipal que obra no expediente, é dicir 104,21 m/2, forma trapeizol e tendo como taxas mínimas as indicadas polo citado informe.

SEGUNDO.- Non non previsto nesta modificación rexerá o disposto no prego de condicións das autorizacións en réxime de concorrencia ou licitación pública e forma de poxa pública á alza para a ocupación do dominio público municipal mediante postos nas nas festas da Virxe Peregrina durante os anos 2018-2021.

TERCEIRO.- Que se proceda a convocar de novo a licitación deste posto número 21, que a data de hoxe ninguén presentou oferta por esta, outorgando de novo un prazo de 15 días hábiles para presentar ofertas, publicando os anuncios de convocatoria no no Perfil do Contratante do Concello e no Boletín Oficial da Provincia.

Pontevedra, na data de sinatura electrónica

A concelleira de urbanismo, protección cidadá, servizos e festas

María Carme da Silva Méndez

Dou fe, o secretario admon. Municipal

José Carlos Castiñeira Piñeiro

Asinado por: JOSE CARLOS CASTIÑEIRA PIÑEIRO
Servizo: SECRETARIA DA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL
Cargo: SECRETARIO
Data: 26/06/2018

Asinado por: MARIA CARMEN DA SILVA MENDEZ
Servizo: ALCALDIA
Cargo: TENENTE DE ALCALDE
Data: 26/06/2018
Este documento foi asinado electrónicamente conforme á lexislación de sinatura electrónica
COD RESOL.2018002891

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:RIEB00GJK2DB9LRM